

BAREMO PROXECTOS PRODUCTIVOS

1. Situación xeográfica. 40 puntos.

1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos

En función do IMRF do ano 2002 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no denominado GDR3, establécense o seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Concellos cun IMRF inferior ou igual ao 80% da media galega: 10 puntos.
NEGUEIRA DE MUÑIZ
- Concellos cun IMRF maior ao 80% e menor ou igual ao 85%: 8 puntos.
BALEIRA
- Concellos cun IMRF maior ao 85% e menor ou igual ao 90%: 6 puntos. **POL**
- Concellos cun IMRF maior ao 90% e menor ou igual ao 95%: 4 puntos.
RIBEIRA DE PIQUÍN, A FONSAGRADA E MEIRA
- Concellos cun IMRF maior ao 95% e menor ou igual ao 100%: 2 puntos **A**
PONTENOVA
- Concellos cun IMRF maior ao 100%: 0 puntos. **RIOTORTO**

| CONCELLOS | % IMRF |
|--------------------------|--------|
| RIOTORTO | 102 |
| PONTENOVA (A) | 100 |
| MEIRA | 94 |
| RIBEIRA DE PIQUÍN | 93 |
| FONSAGRADA (A) | 91 |
| POL | 89 |
| BALEIRA | 83 |
| NEGUEIRA DE MUÑIZ | 79 |

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 8 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ó número exacto mais próximo), que neste caso é **5**.

1.2. Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. 10 puntos

En función dos datos de variación da poboación entre os anos 2002-2007 do denominado GDR3, establécense o seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 10%: 10 puntos.
RIBEIRA, RIORTORTO E BALEIRA
- Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 8% e menor do 10%: 8 puntos **A FONAGRADA, A PONTENOVA E POL**
- Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 5% e menor do 8%: 6 puntos **NEGUEIRA DE MUÑIZ**
- Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 0% e menor do 5%: 4 puntos **MEIRA**
- Concellos que incrementen poboación: 0 puntos.

| | % VARIACIÓN PERÍODO 2002- 2007 |
|--------------------------|---|
| BALEIRA | -10 |
| FONAGRADA | -8 |
| MEIRA | -1 |
| NEGUEIRA DE MUÑIZ | -5 |
| POL | -8 |
| PONTENOVA | -9 |
| RIBEIRA DE PIQUÍN | -12 |
| RIORTORTO | -13 |

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 8 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ó número exacto mais próximo), que neste caso é **8**.

1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto: ata 10 puntos

En función dos datos recollidos no nomenclátor de 2007 e identificando núcleo de poboación con parroquia, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Núcleos de poboación de menos ou igual a 50 habitantes: 10 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 50 habitantes e menos ou igual a 100: 8 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 100 habitantes e menos ou igual a 250: 6 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 250 habitantes e menos ou igual a 1.000: 4 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 1.000 habitantes e menos de 2500 habitantes: 2 puntos.
- Núcleos de igual ou mais de 2500 habitantes : 0 puntos

(Ver listado dos núcleos de poboación no [Anexo I](#))

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polas parroquias dos 8 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ó número exacto mais próximo), que neste caso é 7.

1.4. Outros criterios xeográficos: ata 10 puntos

En función da distancia do núcleo de poboación onde se localiza o proxecto (identificando núcleo de poboación con parroquia) a un núcleo de poboación de máis de 1.000 habitantes (que neste GDR son 3: Meira, A Fonsagrada e A Pontenova) establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Distancia maior ou igual a 20 Km. : 10 puntos
- Distancia maior ou igual a 15 Km. e menor de 20 km: 8 puntos
- Distancia maior ou igual a 10 Km. e menor de 15 Km.: 6 puntos
- Distancia menor de 10 Km.: 4 puntos

Terase en conta a menor distancia das 3.

(Ver listado dos núcleos de poboación no [Anexo II](#))

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polas parroquias dos 8 concellos, que neste caso é 7.

- Para tódolos criterios contidos neste **punto 1: situación xeográfica**, e no caso de

proxectos nos que a localización xeográfica se corresponda con varios concellos ou núcleos de poboación, terase en conta sempre o que obteña unha puntuación máis alta.

2. Características do promotor/a do proxecto. Máximo 10 puntos.

2.1. Segundo as características propiamente ditas do promotor/a: 6 puntos

a/ Persoas físicas:

- Mulleres: 2 puntos
- Mozos/as (consideraranse mozos/as as persoas menores de 40 anos) ou persoas maiores de 50 anos: 2 puntos
- Persoas con discapacidade (aquelas que posúan o certificado de discapacidade no que se acredite ou recoñeza a condición legal de persoa con discapacidade): 2 puntos

Estes tres criterios son acumulables

b/.Persoas xurídicas:

- Proxectos promovidos por cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades civís ou comunidades de montes veciñais en man común: 3 puntos.
- Para todas as persoas xurídicas nas que polo menos o 50% da participación social se corresponda cos seguintes criterios: máximo 3 puntos
 - Mocidade (menores de 40 anos) ou persoas maiores de 50 anos: 1 punto
 - Mulleres (acumulable co criterio anterior): 1 punto
 - Persoas con discapacidade (aquelas que posúan o certificado de discapacidade no que se acredite ou recoñeza a condición legal de persoa con discapacidade) (acumulable co criterio anterior): 1 punto

2.2. Valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor/a na execución e desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20.2º1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 4 puntos

3. Incidencia do emprego. 25 puntos.

3.1. Volume de empregos creados en relación ó investimento: Máximo 15 puntos.

Valorarase a creación de emprego tendo en conta o número de postos creados e a inversión efectuada a través da fórmula que se describe a continuación:

$$\text{Valor} = (\text{investimento total admitido} / \text{n}^\circ \text{ postos creados}) / 100.000$$

| Valor | Puntuación |
|--------------------------------|------------|
| $\text{Valor} \leq 0.25$ | 15 |
| $0.25 < \text{Valor} \leq 0.5$ | 12 |
| $0.5 < \text{Valor} \leq 0.75$ | 8 |
| $0.75 < \text{Valor} \leq 1.5$ | 6 |
| $1.5 < \text{Valor} \leq 3$ | 4 |
| $3 < \text{Valor} \leq 4.5$ | 2 |
| $\text{Valor} > 4.5$ | 0 |

3.2. Incidencia na creación de emprego para determinados colectivos: Máximo 10 puntos

Este criterio valorarase segundo os empregos directos creados que correspondan aos seguintes colectivos:

- Menores de 40 anos ou maiores de 50: 1.5 puntos/posto creado
- Persoa con discapacidade (aquelas que posúan o certificado de discapacidade no que se acredite ou recoñeza a condición legal de persoa con discapacidade): 2 puntos/posto creado
- Mulleres: 1.5 puntos/posto creado

Estes 3 criterios son acumulables, ata un máximo de 10 puntos.

Considerarase creación dun emprego, a creación dun posto de traballo para unha persoa a tempo completo a cómputo anual, segundo a normativa vixente.

Para postos que non sexan a xornada completa, aplicaranse as correspondentes proporcións nas puntuacións, sendo o mínimo 0,25

4. Impacto sobre o territorio. 25 puntos.

4.1. Capacidade de arrastre do proxecto: Máximo 12 puntos.

4.1.1. Proxectos de transformación de produtos do territorio do GDR3. O emprego de insumos-provedores do territorio do GDR3 na fase de execución que supoña o 25% ou mais dos totais requeridos sempre e cando se xustifiquen axeitadamente (facturas ou outros xustificantes): 6 puntos

Consideraranse insumos as materias primas, produtos e servizos intermedios, man de obra,...

Consideraranse insumos-provedores do territorio do GDR3 aqueles que se produzan, transformen ou comercialicen nalgún dos 8 concellos que o compoñen.

4.1.2. Proxectos con capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona ou afianzar empresas e actividades existente: 6 puntos

- Proxectos cun investimento total igual ou superior a 15.000 € e inferior a 60.000 € : 2 puntos
- Proxectos cun investimento total igual ou superior a 60.000 € e inferior a 120.000 €: 4 puntos
- Proxectos cun investimento total igual ou superior a 120.000 €: 6 puntos

4.2. Incidencia ambiental: 8 puntos.

Valorarase que o proxecto teña incidencia ambiental positiva ou ben que contribúa a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona a través da aplicación dalgunha das seguintes medidas:

- O proxecto ten como obxectivo principal o emprego de enerxías renovables ou a redución, reciclaxe ou reutilización de residuos xerados o territorio do GDR3: 4 puntos
- O proxecto ten como obxectivo principal a valorización, recuperación ambiental e/ou xestión sostible dos ríos ou as súas ribeiras: 4 puntos
- Emprego de enerxías renovables (mínimo do 15 % da enerxía instalada): 2 puntos
- Eliminación de impactos visuais: 2 puntos

Estes criterios serán acumulables ata un máximo de 8 puntos.

4.3. Criterios propios do GDR-3: 5 puntos

Valorarase positivamente e ca puntuación máxima deste apartado aqueles proxectos que atendan ós seguintes criterios:

- Proxectos que teñan como obxecto principal a de prestación de servizos á poboación rural que contribúan á mellora de colectivos como persoas maiores, discapacitados, mulleres e colectivos en risco de exclusión social (ver AnexoIII) : 5 puntos
- Proxectos que conleven a aplicación das TIC's para o seu desenvolvemento: 5 puntos

BAREMO PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

1. Situación xeográfica. 40 puntos.

1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto: ata 10 puntos

En función do IMRF do ano 2002 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no denominado GDR3, establécense o seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Concellos cun IMRF inferior ou igual ao 80% da media galega: 10 puntos.
NEGUEIRA DE MUÑIZ
- Concellos cun IMRF maior ao 80% e menor ou igual ao 85%: 8 puntos.
BALEIRA
- Concellos cun IMRF maior ao 85% e menor ou igual ao 90%: 6 puntos. **POL**
- Concellos cun IMRF maior ao 90% e menor ou igual ao 95%: 4 puntos.
RIBEIRA DE PIQUÍN, A FONSAGRADA E MEIRA
- Concellos cun IMRF maior ao 95% e menor ou igual ao 100%: 2 puntos **A PONTENOVA**
- Concellos cun IMRF maior ao 100%: 0 puntos. **RIOTORTO**
- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 8 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ó número exacto mais próximo), que neste caso é **5**.

1.2. Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto: ata 10 puntos

En función dos datos de envellecemento da poboación no ano 2007 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no denominado GDR3, establécense o seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 10%: 10 puntos.
RIBEIRA, RIOTORTO E BALEIRA
- Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 8% e menor do 10%: 8 puntos **A FONSAGRADA, A PONTENOVA E POL**
- Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 5% e menor do 8%: 6 puntos **NEGUEIRA DE MUÑIZ**
- Concellos cunha perda de poboación maior ou igual ao 0% e menor do 5%: 4 puntos **MEIRA**
- Concellos que incrementen poboación: 0 puntos
- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polos 8 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ó número exacto mais próximo), que neste caso é **8**.

1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto: ata 10 puntos

En función dos datos recollidos no nomenclátor de 2007 e identificando núcleo de poboación con parroquia, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Núcleos de poboación de menos ou igual a de 50 habitantes: 10 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 50 habitantes e menos ou igual a de 100: 8 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 100 habitantes e menos ou igual a 250: 6 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 250 habitantes e menos ou igual a 1.000: 4 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 1.000 habitantes e menos de 2500 habitantes: 2 puntos.
- Núcleos de poboación de mais ou igual a 2500 habitantes: 0 puntos
- Mais de listado dos núcleos de poboación no [Anexo I](#))
- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polas parroquias dos 8 concellos (se o resultado contén decimais, axustarase ó número exacto mais próximo), que neste caso é 7.

1.4. Outros criterios xeográficos: ata 10 puntos.

En función da distancia do núcleo de poboación onde se localiza o proxecto (identificando núcleo de poboación con parroquia) a un núcleo de poboación de máis de 1.000 habitantes (que neste GDR son 3: Meira, A Fonsagrada e A Pontenova) establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Distancia maior ou igual a 20 Km. : 10 puntos
- Distancia maior ou igual a 15 Km. e menor de 20 km: 8 puntos
- Distancia maior ou igual a 10 Km. e menor de 15 Km.: 6 puntos
- Distancia menor de 10 Km.: 4 puntos

(Ver listado dos núcleos de poboación no [Anexo II](#))

- ❖ No caso de proxectos que polas súas características non presenten unha localización xeográfica definida, neste apartado asignaráselles unha puntuación intermedia, correspondente á media do total das puntuacións obtidas polas parroquias dos 8 concellos, que neste caso é 7.
- Para tódolos criterios contidos neste **punto 1: situación xeográfica**, e no caso de proxectos nos que a localización xeográfica se corresponda con varios concellos ou núcleos de poboación, terase en conta sempre o que obteña unha puntuación máis alta.

2. Características do promotor/a e ámbito de actuación do proxecto. 20 puntos.

2.1 En proxectos de promoción privada : ata un máximo de 10 puntos

- Por cada entidade privada na que o 50% ou mais dos socios sexan mulleres: 3 puntos
- Por cada entidade privada na que o 50% ou mais dos socios sexan mozos/as (menos de 40 anos) ou maiores de 50 anos: 3 puntos
- Por cada entidade privada na que o 25% ou mais dos socios sexan discapacitados (aquelas que posúan o certificado de discapacidade no que se acredite ou recoñeza a condición legal de persoa con discapacidade): 4 puntos/entidade

2.2. En proxectos de promoción pública : ata un máximo de 10 puntos

Proxectos de ámbito supramunicipal nos que se impliquen dous ou máis concellos do territorio do GDR3 (cun máximo de 10 puntos): 4 puntos por cada concello

2.3. Participación de varias entidades no proxecto: 5 puntos

Se no proxecto están implicadas 2 ou máis entidades (privadas ou públicas): 5 puntos

2.4. Valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor na execución e desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20.2º1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5 puntos

3. Impacto sobre o territorio: 40 puntos.

3.1. Prioridade do proxecto: ata 12 puntos

Terase en conta as características do proxecto e a categoría de proxectos non productivos na que se engloban, atendendo á súa intensidade máxima de axuda:

- Proxectos incluídos na categoría de prioridade alta: 12 puntos
- Proxectos incluídos na categoría de prioridade media: 8 puntos
- Proxectos incluídos na categoría de prioridade baixa: 6 puntos

3.2. Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego na zona: 12 puntos

3.2.1. En función do nivel de investimento: 8 puntos

- Proxectos cun investimento total igual ou superior a 6.000 € e inferior a 20.000 €: 2 puntos
- Proxectos cun investimento total igual ou superior a 20.000 € e inferior a 40.000 €: 4 puntos
- Proxectos cun investimento total igual ou superior a 40.000 € e inferior a 60.000 € : 6 puntos
- Proxectos cun investimento total igual ou maior a 60.000 €: 8 puntos

3.2.2. Proxectos que crean emprego: ata 4 puntos:

- Por cada 0,25 empregos creados: 1.25 puntos

3.3. Incidencia ambiental: 8 puntos.

Valorarase que o proxecto teña incidencia ambiental positiva ou ben que contribúa a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona a través da aplicación dalgunha das seguintes medidas:

- O proxecto ten como obxectivo principal o emprego de enerxías renovables ou a redución, reciclaxe ou reutilización de residuos xerados o territorio do GDR3: 4 puntos
- O proxecto ten como obxectivo principal a valorización, recuperación ambiental e/ou xestión sostible dos ríos ou as súas ribeiras: 4 puntos
- Emprego de enerxías renovables (mínimo do 15% da enerxía instalada): 2 puntos
- Eliminación de impactos visuais: 2 puntos

Estes criterios serán acumulables ata un máximo de 8 puntos.

3.4. Incidencia sobre colectivos determinados: Máximo 8 puntos

Proxectos que teñan como obxectivo prioritario a inclusión social ou laboral de:

- Mulleres: 2 puntos
- Mocidade (menores de 40 anos) ou maiores de 50 anos (acumulable co anterior): 2 puntos
- Discapacitados (aquelas que posúan o certificado de discapacidade no que se acredite ou recoñeza a condición legal de persoa con discapacidade) (acumulable cos anteriores): 2 puntos
- Colectivos en risco de exclusión social (Ver Anexo III) : 2 puntos

REGRAS PARA A ASIGNACION DAS PORCENTAXES DE AXUDA PÚBLICA

1. PROXECTOS PRODUCTIVOS

A puntuación mínima que deberá de acadar un **proxecto productivo** para ser subvencionado será de **25 puntos**.

A porcentaxe de axuda para proxectos productivos con puntuación mínima será dun **30%**. A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima (como regra xeral é do 45%) será de **65 puntos**.

As porcentaxes de axuda, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (25 e 65 puntos respectivamente) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustando esa porcentaxe a dous decimais, de xeito que para o caso xeral, no que a axuda máxima é do 45%, por cada punto obtido no baremo a partires de 25, lle corresponderá unha porcentaxe de axuda do **0.375 %**.

2. PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

A puntuación mínima que deberá de acadar un proxecto **non productivo** para ser subvencionado será de **35 puntos**, mentres que a axuda máxima se obterá con **75 puntos**.

A porcentaxe de axuda para proxectos non productivos con puntuación mínima será do **60%** da subvención máxima permitida por AGADER para cada tipo de proxectos, de tal maneira que con 35 puntos se acadarán unhas axudas mínimas de:

- Para proxectos de prioridade alta: **60 %**
- Para proxectos de prioridade media: **42 %**
- Para proxectos non productivos prioridade baixa: **30 %**

As porcentaxes de axuda, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (35 e 75 puntos respectivamente) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustando esa porcentaxe a dous decimais. Deste xeito, para cada tipo de proxecto, teremos os seguintes valores:

- Para proxectos de prioridade alta: **1% por cada punto a partir de 30**.
- Para proxectos de prioridade media: **0.7% por cada punto a partir de 30**
- Para outros proxectos non productivos: **0.5% por cada punto a partir de 30**.

Para o cálculo da porcentaxe de subvención dos proxectos non productivos terase en conta a clasificación que proporciona AGADER e que é a seguinte:

- **Proxectos non productivos de prioridade alta.** Intensidade de axuda até o 100%:
Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día). Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación. Investimentos relacionados co desenvolvemento das TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

- **Proxectos non produtivos de prioridade media.** Intensidade de axuda até o 70%: Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural. Centros de promoción de recursos e puntos de información turística. Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.
- **Proxectos non produtivos de prioridade baixa.** Intensidade de axuda até o 50%: Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio. Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia. Sinalización de recursos turísticos. Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio. Instalacións hípicas ou cinexéticas. Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

Limitacións sectoriais propias do GDR3:

- Os proxectos de recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural promovidos por persoas físicas terán un investimento máximo aceptable por proxecto de 5.000 €
- Non serán subvencionables investimentos de creación de novas prazas de aloxamento en establecementos de turismo rural do grupo C.